



Ante a posibilidade de que se poidan producir convocatorias de folga no presente curso escolar, a dirección do centro estima oportuno difundir unha serie de normas básicas, recollidas na lexislación, que servirán para aclarar o que debe facer tanto o profesorado como o alumnado nestes casos:

1. Os alumnos **de 1º e 2º da ESO** non teñen recoñecido o dereito á folga polo que, si faltan a clase, **en ningún caso debe aceptarse como xustificación da falta a asistencia a manifestacións ou seguemento da folga, aínda que así o xustifiquen os pais ou tutores legais.**
2. Os **delegados** de grupo de **3º e 4º da ESO e de Bacharelato**, a través do titor, deberán facer **entrega á dirección** do centro, ó menos **con 24 horas de antelación, dunha folla** de asistencia a folga (faranse modelos que se poderán recoller en conserxería) **na que deberán figurar nome, DNI e firma dos alumnos que pensan realizar a folga.**
3. **Os alumnos que asistan a clase un día de folga** e teñan dereito a exercela, **poderán sair do recinto escolar** para asistir a manifestacións ou outros actos relacionados coa convocatoria de folga ou simplemente para exercer o seu dereito a partir da hora que estimen conveniente, **tan só se presentan unha folla de autorización** (que deberá ser a folla de xustificación de faltas que se pode recoller en conserxería ou baixar da web do instituto) **firmada por algun dos seus pais ou tutores legais na que conste o DNI dos mesmos e indicando no motivo "folga"**. Evidentemente, **os alumnos maiores de idade non precisan presentar máis xustificante que o seu propio DNI.**
4. A lexislación vixente sinala que **aqueles alumnos que teñan dereito á folga non poden ser sancionados de ningún xeito** por exercer dito dereito.

Pregamos especialmente os tutores que poñan en coñecemento do alumnado a necesidade de recoller e cubrir, en tempo, as follas oficiais do centro de asistencia á folga e de xustificación de faltas para poder sair do centro.

A Dirección do IES do Castro.